

Guía didáctica de literatura universal – 1º Bacharelato
EPAPU Eduardo Pondal
Docente: M^a Isabel Gómez Rodríguez

GUÍA DIDÁCTICA



LITERATURA UNIVERSAL – 1º BACHARELATO

CURSO 2025/2026

Docente: M^a Isabel Gómez Rodríguez

Horario de atención ao alumnado: MER (18:15-19:00), VER (10:45-12:15) no
Seminario 1

1. CONTIDOS E MATERIAL

- O material didáctico (unidades 1-7) da asignatura será proporcionado pola docente a través da aula virtual do centro el formato PDF descargable. As unidades estarán dispoñibles por trimestres.
- Haberá unha serie de libros de lectura-análise por trimestre, cuxa ubicación en cada avaliación vai figurar nos apartados 2 e 3 desta guía.
- Ademais, realizarase a lectura e comentario de fragmentos facilitados pola docente na aula virtual ou en copias en papel.
- Será fundamental a consulta da páxina do EPAPU "Eduardo Pondal", así coma da Aula Virtual da materia para estar ao tanto de novas académicas, datas, contidos, exames, traballos, etc.

2. LIBROS DE LECTURA

- Primeira avaliación: *El asedio de Troya*, de Theodor Kallifatides
- Segunda avaliación: *Se Madame Bovary*, de Gustave Flaubert
- Terceira avaliación: *El acontecimiento*, de Annie Ernaux

3. AULA VIRTUAL

A docente empregará a aula virtual para facilitar contidos adicionais aos alumnos.

4. GUÍA DIDÁCTICA

4.1. Desenvolvemento e temporalización por avaliacións

T	Contidos	Nº de sesións	Datas
1	Unidade 1. Da Antigüidade á Idade Media. A orixe da Literatura e a Mitoloxía	Aprox. 4 sesións	Aprox. 16/09/25 – 08/10/25
	Unidade 2. O Renacemento e o Clasicismo	Aprox. 4 sesións	Aprox. 14/10/25 – 05/11/25
	Unidade 3. O Século das Luces	Aprox. 4 sesións	Aprox. 11/11/25 – 03/12/25
Exame ordinario da 1ª avaliación: 9-15/12/25 (data fixada polo centro)			

2	Unidade 4. O movemento romántico	Aprox. 4 sesións	Aprox. 16/12/25 – 28/01/26
	Unidade 5. O nacemento da gran literatura norteamericana e o arranque da modernidade poética	Aprox. 4 sesións	Aprox. 03/02/26 – 04/03/26
Exame ordinario da 2ª avaliación: 9-13/03/26 (data fixada polo centro)			
3	Unidade 6. A segunda metade do século XIX: Realismo e Naturalismo	Aprox. 4 sesións	Aprox. 17/03/26 – 15/04/26
	Unidade 7. Os novos enfoques da literatura no S. XX e as transformacións dos xéneros literarios.	Aprox. 4 sesións	Aprox. 21/04/26 – 13/05/26
Exame ordinario da 3ª avaliación: 18-22/05/26 (data fixada polo centro)			
Exame extraordinario: 01-08/06/26 (data fixada polo centro)			

4.2. Criterios de avaliación

- Ler, comprender, analizar e comentar obras breves, fragmentos ou obras completas significativas de distintas épocas, interpretando o seu contido de acordo cos coñecementos adquiridos sobre temas e formas literarias, así como sobre periodos e os/as autores/as significativos/as.
- Interpretar obras narrativas, líricas e dramáticas da literatura universal nomeadamente significativas, relacionando a súa forma e contido coas ideas estéticas dominantes do momento en que se escribiron.
- Observar, recoñecer e valorar a evolución dalgúns temas e formas creados pola literatura e o seu valor permanente en diversas manifestacións artísticas da cultura universal.
- Analizar e comparar textos da literatura universal e das literaturas galega e española da mesma época, pondo de manifesto as influencias, as coincidencias e as diferenzas entre eles.
- Realizar traballos críticos sobre a lectura dunha obra significativa dunha época, interpretándoa en relación co seu contexto histórico e literario, obtendo a información bibliográfica necesaria e efectuando unha valoración.
- Realizar exposicións orais ou escritas acerca dunha obra, con axuda de medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación, expresando as propias opinións, seguindo un esquema preparado previamente, valorando as obras literarias como punto de encontro de ideas

e sentimentos colectivos e como instrumentos para acrecentar o caudal da propia experiencia.

4.3. Criterios de cualificación

- En cada avaliación haberá un exame final da materia prevista. A data estará fixada polo equipo directivo en cada trimestre. Este exame ou proba escrita sumará un 70% do peso da materia.
- A realización das actividades marcadas e as lecturas da aula e traballos, terá unha porcentaxe na valoración final do alumnado do 30%.

Terán dereito á avaliación continua e, polo tanto, a avaliación do traballo continuado e de probas de lectura, aqueles alumnos que asistan con regularidade ás clases. Segundo a normativa vixente, o alumnado que falte ao 20% das clases coa falta xustificada, ou ao 30% das clases con ou sen xustificación, perderá o dereito á avaliación continua.

En todas as probas e traballos escritos demandarase un mínimo de corrección ortográfica, gramatical e léxica, e por iso penalizarase a súa ausencia con -0,01 puntos por cada falta non repetida. Do mesmo xeito, na corrección das probas terase en conta a presentación, a coherencia e a cohesión. Poderase chegar a restar ate un máximo dun punto e medio na nota final da proba polos erros aquí indicado

O alumnado superará a materia en dous supostos:

- Ten avaliación positiva nas tres avaliacións.
- A media entre as tres avaliacións, sempre e cando non sexa inferior a 3 puntos sobre 10 en todas elas, é igual ou superior a 5 aplicando o redondeo.

A cualificación final será a media aritmética das tres avaliacións, logo de aplicar o redondeo.

4.4. Criterios de recuperación

Haberá unha proba escrita extraordinaria no mes de xuño para os estudantes que non superen a materia a partir dos exames ordinarios. A cualificación será positiva en caso de acadar 5 ou máis puntos. As datas concretas serán fixadas polo equipo directivo.

5. CONTIDOS MÍNIMOS

TEMA 1. DA ANTIGUIDADE Á IDADE MEDIA: AS MITOLOXÍAS E A ORIXE DA LITERATURA.

- As Literaturas Antigas. Caracterización xeral. A Literatura Clásica: caracterización xeral, principais xéneros literarios, autores e obras. Permanencia dos grandes mitos da literatura clásica na Literatura Universal.
- A Literatura Medieval: caracterización xeral. Épica, lírica e narrativa medieval. Principais autores e obras. Lectura e comentario de fragmentos das diferentes literaturas incluídas no tema.

TEMA 2. RENACEMENTO E CLASICISMO.

- Os cambios do mundo e a nova visión do home durante o Renacemento.
- A lírica do amor: o petrarquismo. Orixes: a poesía trovadoresca e o Dolce Stil Nuovo. A innovación do cancionero de Petrarca.
- A narración en prosa e verso: Boccaccio e Chaucer. O teatro clásico europeo.
- O teatro isabelino en Inglaterra: Shakespeare. Lectura, análise e comentario de Hamlet, William Shakespeare.

TEMA 3. O SÉCULO DAS LUCES.

- O desenvolvemento do espírito crítico: a Ilustración. A Enciclopedia.
- A prosa ilustrada. A novela europea no século XVIII.
- Lectura e comentario de fragmentos de prosa ilustrada e dalgún fragmento de novela inglesa do S.XVIII.

TEMA 4. O MOVEMENTO ROMÁNTICO.

- A revolución romántica: conciencia histórica e novo sentido da ciencia.
- O Romanticismo e a súa conciencia de movemento literario. Precusores: Goethe.
- A poesía romántica e a novela histórica. Lectura e comentario de fragmentos de poesía e narrativa romántica.

TEMA 5. O NACEMENTO DA GRAN LITERATURA NORTEAMERICANA E O ARRANQUE DA MODERNIDADE POÉTICA

- O nacemento da gran literatura norteamericana (1830-1890). O renacemento do conto.
- O arranque da modernidade poética: de Baudelaire ao Simbolismo. Lectura e comentario de fragmentos literarios deste periodo.

TEMA 6. A SEGUNDA METADE DO SÉCULO XIX. REALISMO E NATURALISMO

- Da narrativa romántica ao Realismo en Europa. Literatura e sociedade. Evolución dos temas e as técnicas narrativas no Realismo.
- Principais novelistas europeos do século XIX.
- Lectura, análise e comentario de Madame Bovary, Gustave Flaubert.

TEMA 7. OS NOVOS ENFOQUES DA LITERATURA NO SÉCULO XX E AS TRANSFORMACIÓNS DOS XÉNEROS LITERARIOS.

- A crise do pensamento decimonónico e a cultura de fin de século. A quebra da orde europea: a crise de 1914.
- As innovacións filosóficas, científicas e técnicas e a súa influencia na creación literaria.
- A renovación da novela. As vangardas europeas.
- A culminación da gran literatura americana.
- Lectura, análise e comentario de teatro do absurdo e do compromiso.